

A MARIÑA

A Asociación de Escritores en Lingua Galega homenaxeaa ao poeta Rodríguez Baixeras en Ribadeo

O escritor dará nome a un parque na zona de O Cargadoiro e colocarse un monolito ao pé do instituto

A.F.C. VIVEIRO / LA VOZ 31/5/2012 18:49 h

Xavier Rodríguez Baixeras, poeta nacido en Tarragona en 1945, recibirá o sábado unha homenaxe en Ribadeo, a vila onde se criou e na que reside desde hai unhas semanas. A súa familia paterna é orixinaria de Nois, en Foz, e os seus vínculos con A Mariña son estreitos. A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega renderalle tributo coa colocación dun monolito, ao pé do IES Gamallo Fierros, e a prantación dunha árbore. O autor escolleu unha palmeira. Despois será recibido no concello, que dará o seu nome a un parque na zona de O Cargadoiro. E culminará cun xantar no restaurante O Cabazo. Baixeras escribe en galego desde novo e declárase galego.